

BEBIDAS ENERXÉTICAS

Segundo o artigo 35.3.c) da lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, queda prohibida toda clase de publicidade de bebidas enerxéticas realizada a través de folletos, editados ou distribuídos en Galicia, non dirixidos a menores pero que inclúan produtos destinados a persoas menores de idade e que conteñan no seu interior promocións ou ofertas de bebidas enerxéticas para a súa venda en establecementos comerciais e de alimentación localizados en Galicia. Estas deberán situarse en páxinas separadas das destinadas a produtos para persoas menores de idade e incorporarán un código QR que remita a unha páxina web da consellaría competente na materia de saúde pública con mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de bebidas enerxéticas, ou, na súa falta, un texto coas mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de bebidas enerxéticas.



Este é o QR que se debe incluír nos devanditos folletos e que dirixe á seguinte url:
<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Prevencion-bebidas-enerxeticas>

Mensaxe informativa e preventiva

Esta é a mensaxe que se debe incluír nos folletos antes mencionados en caso de non incluír o QR.

“As bebidas enerxéticas cun contido de cafeína igual ou superior a 32 mg/100 ml poden provocar efectos adversos como alteracións do sono, nerviosismo, aumento da frecuencia cardíaca e dificultades de concentración, especialmente en persoas menores de idade ou sensibles á cafeína”.